

Exercicios de autoavaliación

Unidade 7: Sintaxe da lingua galega (2): unidades e funcións sintácticas. Tipos de cláusulas. A oración. Os modos de enunciación

1. a) Substitúe as cláusulas subordinadas adxectivas dos seguintes exemplos polo seu correspondente adxectivo, sen que se altere o significado.

- Coñecemos unha rapaza que é de Cataluña.
- Visitaremos un castelo que ten moitos anos.
- Xurxo mercou unha cazadora que non deixa pasar a auga.
- Pasaremos un día que non poderemos esquecer.
- Esta é unha terra que dá boas colleitas.
- Atopamos auga que era boa para beber.
- O meu fillo é un neno que non para de falar.

1. b) Realiza a actividade contraria ao exercicio anterior. Transforma as seguintes cláusulas simples substituindo o adxectivo subliñado en cláusulas subordinadas adxectivas.

- Atopamos unha casa abandonada.
- O libro premiado vai ser editado.
- A literatura infantil conta con prestixiosos autores.
- Leva coidado con ese produto inflamable.
- Ponlle á túa bicicleta unhas marcas reflectoras.
- Ten unha forma de ser riseira.
- Nesa tenda venden produtos artesáns.

2. Transforma en voz activa ou pasiva as cláusulas que se che ofrecen, segundo sexa o caso. Lembra que tes que conservar o mesmo tempo verbal:

- O equipo de fútbol foi recibido por unha multitude.
- A aterraxe da nave espacial será retransmitida hoxe pola televisión autonómica.
- O condutor por un descoido rompeu un farol.
- Os libros de consulta son utilizados polos estudantes.
- O ordenador gardou unha copia de seguridade do arquivo.
- Os restos arqueolóxicos foron descubertos por un equipo de investigadores.
- Os membros do xurado déronlle a ese atleta o premio ó mellor deportista.
- A novelista recibiu os aplausos do público.
- Compramos unha guía de viaxe para as vacacións.

3. Subliña os verbos das seguintes unidades sintácticas e indica para cada unha delas se é cláusula simple, subordinada, bipolar ou composta.

- Chegou o verán.
- Agora ían todos á praia ou de merenda e volvían tarde.
- Na casa non se paraba coa calor.
- Gustáballe aquela tristeza que se lle metía no corpo.
- El quedaba sentado na súa cadeira.
- A sombra chega agora ó medio da rúa.
- Milo ten vinte anos e estuda medicina.

4. Nos seguintes exemplos, indica o tipo de cláusulas de que se tratan, simples ou subordinadas (substantivas, adxectivas ou adverbiais).

Estes libros son de lingua e literatura:

O noso amigo non coñece a nosa casa:

Estes vehículos teñen un baixo nivel de contaminación atmosférica:

Os directivos da empresa celebraron unha festa de despedida para os empregados que se xubilaban:

Os directivos da empresa celebraron unha festa para os mellores empregados:

Chegarán os nosos curmáns de Valencia:

Sairemos de viaxe o próximo martes:

Non sabe máis que falar de política:

Os escaladores chegaron esgotados ao cumio:

Sabe que gañará a competición:

Que o vexas mollado é unha consecuencia das filtracións:

Non o atopou onde quedara:

5. Substitúe nas seguintes cláusulas simples as frases nominais por cláusulas subordinadas substantivas con función de suxeito.

- Os denunciante son veciños do inmoible.
- Inquietounos a túa reacción tan violenta.
- Os aprobados poden pasar a recoller a súa documentación.
- As testemuñas do crime deben prestar declaración.
- Gustoume moito a túa interpretación da miña canción preferida.
- Os asinantes da nota de prensa pedimos unha maior presenza do galego nos medios de comunicación de masas.

6. Indica a función que desenvolve a cláusula subordinada substantiva en cada exemplo (SUX, CD, PVO, ATRIB, PVO, CC, etc.).

- As escritoras queren que a súa literatura non sexa considerada feminina.
- Semella interesante que asistas a ese curso de ofimática.
- Que veñades á festa do meu aniversario é moi importante para min.
- Os pacifistas piden que se busque axiña unha saída ao conflito bélico.
- O problema é que non temos o carné de socios desa biblioteca.
- Os que vimos a este curso estamos moi satisfeitos co seu desenvolvemento.
- As noticias do xornal dos últimos días prognostican que a guerra vai durar máis do previsto.
- Xa estou bastante cansa de que me fagan sempre as mesmas preguntas.
- A miña máxima ilusión é facer un cruceiro polo Mediterráneo.

- Que decidades pasar as vacacións connosco é marabilloso.

7. Clasifica as seguintes cláusulas subordinadas segundo sexan adverbiais de lugar, de modo ou de tempo.

- Colocou os libros no andel de xeito que fose doado atopalos polo seu xénero literario.
- Mentres viaxas en tren podes ler unha revista.
- Os últimos anos da súa vida pasounos onde tiña toda a súa familia.
- Non hai quen o ature deque gañou o concurso de contos no colexio.
- Antía cando era nena vivía cos seus avós.
- Non ben entrou a traballar, xa comprou un coche como o dos novos ricos.
- Sempre que te vexo levo unha alegría.
- Facer, farei o exercicio segundo ti me dis, pero eu non o vexo nada claro.
- Onde nós estabamos non podíamos ver a estrada.
- Cada vez que o vexo vai máis vello, mais xa terá os seus oitenta anos.
- Faloume como se me coñecese.
- Dedicouse a pasear polo paseo marítimo, mentres nos iamos ver unha película ós multicines.
- Agora que xa está fóra do cárcere actúa sempre conforme manda a lei.
- Logo que deixou o instituto, púxose a traballar co pai.
- Estableceremos a nosa residencia onde teñamos unha vida tranquila.

8. Completa os seguintes exemplos de xeito que o resultado final sexa unha oración bipolar do tipo que se indica entre parénteses:

- Chegaremos a tempo **porque** (causal)
- Chegaremos a tempo **así que** (consecutiva)
- Chegaremos a tempo **para que** (final)
- Chegaremos a tempo **aínda que** (concesiva)
- Chegaremos a tempo **se** (condicional)

9. Identifica en cada exemplo o tipo de oración bipolar de que se trata e subliña a palabra ou palabras que funcionan como nexos. Despois, recoñece a estrutura xeral da oración identificando a función de cada cláusula que a compón (tese-antítese, condicionante-condicionado, etc.).

- Aínda que o ano non foi bo, tivemos unha excelente colleita.
Clase:
- Chameite por teléfono porque desexaba falar contigo.
Clase:
- Xa está todo feito, xa que logo podemos marchar.
Clase:
- Se estás canso, sentaremos un anaco.
Clase:
- Se non les o texto de vagar non vas comprender o seu significado.
Clase:
- Non saín da casa pois caía a auga a cachón.
Clase:
- Pese a que instalaron unha alarma, entraron os ladróns.

Clase:

- A cor da parede quedou máis escura do que pensabamos.

Clase:

- Comeza a chover, así que porei a gabardina.

Clase:

10. Clasifica as seguintes cláusulas de acordo coa natureza do predicado

O meu irmán é biólogo:

Alúganse propiedades a moi baixo prezo:

Os canguros chimpan alto abondo:

Mercaron media ducia de ovos:

Os nenos dábanse golpes uns aos outros:

Os gatiños foron recollidos polos membros da asociación protectora:

Antes de saír lavouse ben:

Novou moi forte onte pola tarde:

As árbores semellaban pantasmas:

11. Volve escribir as seguintes oracións facéndolles os cambios que consideres necesarios para que se adapten ás distintas intencionalidades.

-Están construíndo unha ponte

-Non saben cando virá

- Déixasme parvo

- Enunciativa:

.....

- Interrogativa:

.....

- Exclamativa:

.....

- Imperativa:

.....

- Dubitativa:

.....

- Desiderativa:

.....

12. Analiza sintacticamente as seguintes unidades:

- *Era un lugar afastado da civilización*

- *Pepe, o taxista, avisoume de que viña a grúa*

- *O neno comprou bombóns para a nai*

- *Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu*

- *Os rapaces non saíron onte porque non tiñan cartos*

Solucións:

1 a) Substitúe agora as cláusulas subordinadas adxectivas dos seguintes exemplos polo seu correspondente adxectivo sen que se altere o significado.

- Coñecemos unha rapaza que é de Cataluña. **Catalá.**
- Visitaremos un castelo que ten moitos anos. **Antigo**
- Xurxo mercou unha cazadora que non deixa pasar a auga. **Impermeable**
- Pasaremos un día que non poderemos esquecer. **Inesquecible**
- Esta é unha terra que dá boas colleitas. **Fértil**
- Atopamos auga que era boa para beber. **Potable**
- O meu fillo é un neno que non para de falar. **Falagueiro**

1. b) Realiza a actividade contraria. Transforma as seguintes cláusulas simples substituindo o adxectivo subliñado en cláusulas subordinadas adxectivas.

- Atopamos unha casa **que estaba abandonada.**
- O libro **que recibiu o premio** vai ser editado.
- A literatura **que está escrita para nenos** conta con prestixiosos autores.
- Leva coidado con ese produto **que pode prender lume.**
- Ponlle á túa bicicleta unhas marcas **que reflictan a luz.**
- Ten unha forma de ser **que é moi riseira.**
- Nesa tenda venden produtos **que están feitos a man.**

2. Transforma en voz activa ou pasiva as cláusulas que se che ofrecen. Lembra que tes que conservar o mesmo tempo verbal:

- Unha multitude recibiu o equipo de fútbol.
- A televisión autonómica retransmitirá hoxe a aterraxe da nave espacial.
- Un farol foi rompido polo condutor por un descoido.
- Os estudantes utilizan os libros de consulta.
- Unha copia de seguridade do arquivo foi gardada polo ordenador.
- Un equipo de investigadores descubriu os restos arqueolóxicos.
- O premio ó mellor deportista foi dado polos membros do xurado a ese atleta.
- Os aplausos do público foron recibidos pola novelista.
- Unha guía de viaxe foi comprada por nós para as vacacións.

3. Subliña os verbos das seguintes unidades sintácticas e indica para cada unha delas se é cláusula simple, subordinada, bipolar ou composta.

- Chegou o verán. (cláusula simple)
- Agora ían todos á praia ou de merenda e volvían tarde. (oración coordinada)
- Na casa non se paraba coa calor. (cláusula simple)
- Gustáballe aquela tristeza que se lle metía no corpo. (cláusula subordinada)
- El quedaba sentado na súa cadeira. (cláusula simple)
- A sombra chega agora ó medio da rúa. (cláusula simple)
- Milo ten vinte anos e estuda medicina. (cláusula coordinada)
- Se non o queres, cómo eu. (oración bipolar)

4. Nos seguintes exemplos, indica o tipo de cláusulas de que se tratan, simples ou subordinadas (substantivas, adxectivas ou adverbiais).

Estes libros son de lingua e literatura: cláusula simple

O noso amigo non coñece a nosa casa: cláusula simple
Estes vehículos teñen un baixo nivel de contaminación atmosférica: cláusula simple
Os directivos da empresa celebraron unha festa de despedida para os empregados que se xubilaban: cláusula subordinada adxectiva
Os directivos da empresa celebraron unha festa para os mellores empregados: cláusula simple
Chegarán os nosos curmáns de Valencia: cláusula simple
Sairemos de viaxe o próximo martes: cláusula simple
Non sabe máis que falar de política: cláusula simple
Os escaladores chegaron esgotados ao cumio: cláusula simple
Sabe que gañará a competición: cláusula subordinada substantiva
Que o vexas mollado é unha consecuencia das filtracións: cláusula subordinada substantiva
Non o atopou onde quedara: cláusula subordinada adverbial

5. Substitúe nas seguintes cláusulas simples as frases nominais por cláusulas subordinadas substantivas con función de suxeito.

- **Os que presentaron a denuncia** son veciños do inmovble.
- Inquietounos **que reaccionases tan violentamente**.
- **Os que aprobaron os exames**, poden pasar a recoller a súa documentación.
- **Os que viron o crime**, deben prestar declaración.
- Gustoume moito hoxe **que interpretases a miña canción preferida**.
- **Os que asinamos a nota de prensa**, pedimos unha maior presenza do galego nos medios de comunicación de masas.

6. Indica a función que desenvolve a cláusula subordinada substantiva en cada exemplo (SUX, CD, PVO, ATRIB, PVO, CC, etc.).

- As escritoras queren **que a súa literatura non sexa considerada feminina**. (CD)
- Semella interesante **que asistas a ese curso de ofimática**. (SUX)
- **Que veñades á festa do meu aniversario** é moi importante para min. (SUX)
- Os pacifistas piden **que se busque axiña unha saída ao conflito bélico**. (CD)
- O problema é **que non temos o carné de socios desa biblioteca**. (ATRIB)
- **Os que vimos a este curso** estamos moi satisfeitos co seu desenvolvemento. (SUX)
- As noticias do xornal dos últimos días prognostican **que a guerra vai durar máis do previsto**. (CD)
- Xa estou bastante cansa **de que me fagan sempre as mesmas preguntas**. (SUPL)
- A miña máxima ilusión é **facen un cruceiro polo Mediterráneo**. (ATRIB)
- **Que decidades pasar as vacacións connosco** é marabilloso. (SUX.)

7. Clasifica as seguintes cláusulas subordinadas segundo sexan adverbiais de lugar, de modo ou de tempo.

- Colocou os libros no andel **de xeito que fose doado atopalos polo seu xénero literario**. (Modo)
- **Mentres viaxas en tren** podes ler unha revista. (Tempo)
- Os últimos anos da súa vida pasounos **onde tiña toda a súa familia**. (Lugar)
- Non hai quen o ature **des que gañou o concurso de contos no colexio**. (Tempo)
- Antía **cando era nena** vivía cos seus avós. (Tempo)
- **Non ben entrou a traballar**, xa comprou un coche como o dos novos ricos. (Tempo)

- **Sempre que te vexo** levo unha alegría. (Tempo)
- Facer, farei o exercicio **segundo ti me dis**, pero eu non o vexo nada claro. (Modo)
- **Onde nós estabamos** non podíamos ver a estrada. (Lugar)
- **Cada vez que o vexo** vai máis vello, mais xa terá os seus oitenta anos. (Tempo)
- Faloume **como se me coñecese**. (Modo)
- Dedicouse a pasear polo paseo marítimo, **mentres nos íamos ver unha película aos multicines**. (Tempo)
- Agora que xa está fóra do cárcere actúa sempre **conforme manda a lei**. (Modo)
- **Logo que deixou o instituto**, púxose a traballar co pai. (Tempo)
- Estableceremos a nosa residencia **onde teñamos unha vida tranquila**. (Lugar)

8. Completa os seguintes exemplos de xeito que o resultado final sexa unha oración bipolar do tipo que se indica entre parénteses:

- Chegaremos a tempo **porque** aínda é cedo.
- Chegaremos a tempo **así que** non teñas présa.
- Chegaremos a tempo **para que** poidamos tomar un café antes de entrar.
- Chegaremos a tempo **aínda que** a min non che me apetece moito ir.
- Chegaremos a tempo **se** marchamos axiña.

9. Identifica en cada exemplo o tipo de oración bipolar de que se trata e subliña a palabra ou palabras que funcionan como nexos. Despois, recoñece a estrutura xeral da oración identificando a función de cada cláusula que a compón (tese-antítese, condicionante-condicionado, etc.).

- Aínda que o ano non foi bo [TESE], tivemos unha excelente colleita [ANTÍTESE].
Clase: concesiva
- Chameite por teléfono [EFECTO] porque desexaba falar contigo [CAUSA].
Clase: causal
- Xa está todo feito [ANTECEDENTE], xa que logo podemos marchar [CONSECUENTE].
Clase: consecutiva
- Se estás canso [CONDICIONANTE], sentaremos un anaco [CONDICIONADO].
Clase: condicional
- Se non les o texto de vagar [CONDICIONANTE] non vas comprender o seu significado [CONDICIONADO].
Clase: condicional
- Non saín da casa [EFECTO] pois caía a auga a cachón [CAUSA].
Clase: causal
- Pese a que instalaron unha alarma [TESE], entraron os ladróns [ANTÍTESE].
Clase: concesiva
- A cor da parede [1º TERMO] quedou máis escura do que pensabamos [2º TERMO].
Clase: comparativa
- Comeza a chover [ANTECEDENTE], así que porei a gabardina [CONSECUENTE].
Clase: consecutiva

10. Clasifica as seguintes cláusulas de acordo coa natureza do predicado

O meu irmán é biólogo: atributiva

Alúganse propiedades a moi baixo prezo: predicativa, pasiva reflexa

Os canguros chimpan alto abondo: predicativa, activa, intransitiva

Mercaron media ducia de ovos: predicativa, activa, transitiva, propia

Os nenos dábanse golpes uns aos outros: predicativa, activa, transitiva, recíproca
Os gatiños foron recollidos polos membros da asociación protectora: predicativa,
pasiva, perifrástica
Antes de saír lavouse ben: predicativa, activa, transitiva, reflexiva
Nevou moi forte onte pola tarde: predicativa, activa, impersoal
As árbores semellaban pantasmas: atributiva

11. Volve escribir as seguintes oracións facéndolles os cambios que consideres necesarios para que se adapten ás distintas intencionalidades.

Enunciativa:

Están construíndo unha ponte.

Non saben cando virá.

Déixasme parvo.

Interrogativa:

Están construíndo unha ponte?

Non saben cando virá?

Déixasme parvo?

Exclamativa:

Están construíndo unha ponte!

Non saben cando virá!

Déixasme parvo!

Imperativa:

Tedes que construír unha ponte.

Tes que saber cando virá.

Déixame parvo / Tes que deixarme parvo.

Dubitativa:

Quizais constrúan unha ponte.

Quizais non saiban cando virá.

Quizais me deixes parvo.


Desiderativa:

Oxalá constrúan unha ponte!


Oxalá non saibas cando virá!

Oxalá me deixes parvo!


12. Analiza sintacticamente as seguintes unidades:




Cláusula simple, con SUX omitido e formada por un predicado e un único ATRIB.




Cláusula complexa que contén unha cláusula subordinada substantiva.



Cláusula simple.



Oración composta ou coordinada copulativa formada por dous membros unidos polo nexa *nin*. Cada un dos membros, á súa vez, é unha cláusula que, no seu interior, contén cadansúa cláusula subordinada adxectiva ou de relativo introducida polo pronome *que*, que actúa nos dous casos como SUX.



Oración bipolar ou interordinada causal, formada por dous constituíntes (efecto e causa) unidos polo nexa causal *porque*.